noticias



Acto de inauguración da Semana de Galicia en México, presidido por Julio César Fernández (centro). | Acto de inauguración de la Semana de Galicia en México, presidido por Julio César Fernández (centro).



Membros da Unión Mexicana de Empresarios Gallegos, portando un exemplar da revista "Galegos". | Miembros de la Unión Mexicana de Empresarios Gallegos, portando un ejemplar de la revista "Galegos".

## Máis de cen empresas galegas participaron na Semana de Galicia en México

**As relacións entre os mercados galego e mexicano poderían cobrar un novo impulso, a raíz do interese suscitado entre os empresarios deste país durante a celebración da Semana de Galicia en México que tivo lugar o pasado mes de outubro.**

A Semana de Galicia en México, promovida polo IGAPE e a Secretaría Xeral de Relacións Exteriores da Xunta de Galicia co fin de impulsar as relacións comerciais entre México e Galicia, logrou reunir o pasado mes de outubro a máis de cen empresas galegas na capital deste país, conscientes da importancia da internacionalización das nosas empresas para a economía galega.

Trátase dunha iniciativa de diferentes institucións da Comunidade, encamiñada a aumentar a presenza exterior das súas empresas como vía de crecemento económico e creación de emprego na que colaboraron a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) e as Cámaras de Comercio Galegas, lideradas pola Cámara da Coruña.

A inauguración da Semana de Galicia en México contou coa presenza do presidente da Unión Mexicana de Empresarios Galegos (UMEGAL), Antonio Cortes Ogando, e do vicepresidente do Consello Empresarial Méxicano de Comercio Exterior, Inversión e Tecnoloxía (COMCE), Ricardo Álvarez Valiño. A delegación galega estivo representada polo secretario xeral de Relacións Exteriores da Xunta de Galicia, Julio Fernández Mato, o director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), Álvaro Álvarez-Blázquez, e o presidente da CEG, Antonio Fontenla Ramil.

O programa contemplouse coa organización dunha mi-



De esquerda a dereita, o secretario xeral de Relacións Exteriores da Xunta, Julio César Fernández; Casto Varela, directivo da Igape; e Lino de Prado, Presidente de Zara México. | De izquierda a derecha, el secretario xeral de Relacións Exteriores de la Xunta, Julio César Fernández; Casto Varela, directivo del Igape; y Lino de Prado, Presidente de Zara México.

## Más de cien empresas gallegas participaron en la Semana de Galicia en México

**Las relaciones entre los mercados gallego y mexicano podrían cobrar un nuevo impulso, a raíz del interés suscitado entre los empresarios de este país durante la celebración de la Semana de Galicia en México que tuvo lugar el pasado mes de octubre.**

La Semana de Galicia en México, promovida por el IGAPE y la Secretaría Xeral de Relacións Exteriores de la Xunta de Galicia con el fin de impulsar las relaciones comerciales entre México y Galicia, logró reunir el pasado mes de octubre a más de cien empresas gallegas en la capital de este país, conscientes de la importancia de la internacionalización de nuestras empresas para la economía gallega.

Se trata de una iniciativa de diferentes instituciones de la Comunidad, encaminada a aumentar la presencia exterior de sus empresas como vía de crecimiento económico y creación de empleo en la que colaboraron la Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) y las Cámaras de Comercio Gallegas, lideradas por la Cámara de A Coruña.

La inauguración de la Semana de Galicia en México contó con la presencia del presidente de la Unión Mexicana de Empresarios Gallegos (UMEGAL), Antonio Cortes Ogando, y del vicepresidente del Consejo Empresarial Méxicano de Comercio Exterior, Inversión y Tecnología (COMCE), Ricardo Álvarez Valiño. La delegación gallega estuvo representada por el secretario xeral de Relacións Exteriores de la Xunta de Galicia, Julio Fernández Mato, el director general del Instituto Gallego de Promoción Económica (Igape), Álvaro Álvarez-Blázquez, y el presidente de la CEG, Antonio Fontenla Ramil.

El programa contempló la organización de una misión co-

sión comercial, integrada por máis de cin compañías da comunidade, na que os empresarios desenvolveron xornadas de traballo e encontros profesionais, ademais de actos de promoción de produtos galegos.

Pero ademais das actividades bilaterais e sectoriais organizadas, as empresas, institucións e entidades participantes desenvolveron tamén un intenso programa de contactos con representantes da administración mexicana e o seu tecido produtivo, co obxecto de fortalecer as relacións entre ambos mercados e establecer novos lazos de cooperación.

### "Galegos", en Suiza

"Galegos" chega alí onde poida haber un galego, é dicir, a todo o mundo. A Secretaría Xeral de Emigración garantiza a súa chegada aos centros galegos distribuídos polo mundo, o que, xunto coa venda mediante suscripción e en quioscos e librerías, fai posible que esta foto, realizada no lago Lemán de Ginebra (Suiza) puidese ter sido realizada en Arxentina, Uruguai ou en Nova Zelanda.

A revista "Galegos" distribúese en librerías e principais quioscos a través de UDL Libros (www.udlibros.com). En Galicia faino Modesto Alonso Estravis Distribuidora, S.L.

### A obra plástica de Castelao estará dixitalizada antes de que remate este ano

A Fundación Castelao pretende rematar a dixitalización da obra plástica de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886 -Bos Aires, 1950) antes de que acabe o ano. Así o anunciou o vicepresidente desta fundación, Miguel Anxo Seixas, no acto de celebración do 59º aniversario da morte do autor, onde sinalou que este traballo de dixitalización responde a "unha débeda co pobo galego que a fundación debe cumprir".

Para iso, a entidade leva a cabo a catalogación "dunha herdanza que nos pertence a nós e aos que virán", da que se encargarán cinco bolseiros, que estarán dirixidos polo propio Seixas. O proxecto conta co soporte económico da Consellería de Cultura.

O obxectivo é rematar antes do fin de 2009 esta tarefa, e que os primeiros datos poidan fa-




Exemplar da primeira edición de "Sempre en Galiza" dedicado polo autor, que pertence aos fondos do Padroado da Cultura Galega de Montevideo. | Ejemplar de la primera edición de "Sempre en Galiza" dedicado polo autor, que pertenece a los fondos del Patronato de la Cultura Gallega de Montevideo.

mercial, integrada por más de cien compañías de la comunidad, en la que los empresarios desarrollaron jornadas de trabajo y encuentros profesionales, además de actos de promoción de productos gallegos.

Pero además de las actividades bilaterales y sectoriales organizadas, las empresas, instituciones y entidades participantes desarrollaron también un intenso programa de contactos con representantes de la administración mexicana y su tejido productivo, con el objetivo de fortalecer las relaciones entre ambos mercados y establecer nuevos lazos de cooperación.

### "Galegos", en Suiza

"Galegos" llega allí donde pueda haber un gallego, es decir, a todo el mundo. La Secretaría Xeral de Emigración garantiza su llegada a los centros gallegos distribuidos por el mundo, lo que, junto con la venta mediante suscripción y en quioscos y librerías, hace posible que esta foto, realizada en el lago Leman de Ginebra (Suiza) pudiese haber sido realizada en Argentina, Uruguay o en Nueva Zelanda.

La revista "Galegos" se distribuye en librerías y principales quioscos a través de UDL Libros (www.udlibros.com). En Galicia lo hace Modesto Alonso Estravis Distribuidora, S.L.

### La obra plástica de Castelao estará digitalizada antes de que acabe el año

La Fundación Castelao pretende terminar la digitalización de la obra plástica de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886 - Buenos Aires, 1950) antes de que acabe el año. Así lo anunció el vicepresidente de esta fundación, Miguel Ángel Seixas, en el acto de celebración del 59º aniversario de la muerte del autor, donde señaló que este trabajo de digitalización responde a "una deuda con el pueblo gallego que la fundación debe cumplir".

Para eso, la entidad lleva a cabo la catalogación "de una herencia que nos pertenece a nosotros y a los que vendrán", de la que se encargarán cinco becarios, que estarán dirigidos por el propio Seixas.

El objetivo es finalizar antes del fin de 2009 esta tarea, y que los primeros datos puedan hacerse públicos en el mes de junio, 25 años después de la repatriación de los restos de Castelao a la comunidad gallega.

Para la realización de esta labor, tal y como explicó el vicepresidente, es necesaria la colaboración de la gente, ya que



noticias

cerse públicos no mes de xuño, 25 anos despois da repatriación dos restos de Castelao á comunidade galega.

Para a realización desta tarefa, tal e como explicou o vicepresidente, é necesaria a colaboración da xente, xa que hai moitos particulares que dispoñen de obras do autor rianxeiro e que poden dalas a coñecer a través dunha chamada ou un correo electrónico.

"Nós non podemos saber que hai nunha mesita de noite, e un particular pode ter debuxos ou ata unha dedicatoria nun libro", salientou o número dous da fundación, que preside Avelino Pousa Antelo.

**Nace a Federación Galega de Xóvenes Empresarios coa fin de promover a vocación empresarial nos mozos da comunidade.**

A Federación Galega de Xóvenes Empresarios (Fegaxe) constituíuse o pasado mes de novembro co obxectivo de promover a vocación empresarial entre os mozos galegos menores de 40 anos e impulsar o seu asociacionismo.

As funcións da Fegaxe, integrada polas asociacións de xóvenes empresarios de A Coruña, Lugo, Ferrol, Pontevedra e Vigo, son estudar, apoiar e desenvolver proxectos concretos presentados polos seus membros, así como fomentar o sistema de libre iniciativa e a economía de mercado e cooperar coas diferentes organizacións sociais coa fin de conquerir un crecemento estable e un axeitado nivel de calidade de vida.

Ademais, a federación adícase a atender as necesidades de información, formación, asesoramento, perfeccionamento e investigación que teñan os seus membros.



O equipo directivo da Federación Galega de Xóvenes Empresarios (FEGAXE). | El equipo directivo de la Federación Galega de Xóvenes Empresarios (FEGAXE).

A presentación oficial desta entidade tivo lugar o pasado 12 de decembro no compostelán Hotel dos Reis Católicos, onde o seu presidente, Daniel Ramos Lobón, salientou que, actualmente, os emprendedores dispoñen de recursos moi amplos para desenvolver a súa actividade, pero o problema é que están "descoordinados".

Para acabar con iso, esta federación pretende erixirse nun "referente claro" deste colectivo en toda a comunidade galega.

**A radio en Galicia cumpre 75 anos**

A emisora da Cadea SER en Galicia, pioneira na comunidade, cumpriu 75 anos, un acontecemento que foi celebrado ao grande nun multitudinario evento no Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), en Santiago.

Nel, o presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño, quen pronunciou o discurso de peche, afirmou que "durante moitos anos, falar de radio equivalía a falar da Cadea SER", que era "a única hendidura pola que se filtraban as novidades".

Segundo o líder do Goberno galego, "75 anos é unha idade moi difícil de alcanzar", especialmente cos "turbulentos avances

hay muchos particulares que disponen de obras del autor rianxeiro y que pueden darlas a conocer a través de una llamada o un correo electrónico.

"Nosotros no podemos saber qué hay en una mesita de noche, y un particular puede tener dibujos o incluso una dedicatoria en un libro", destacó el número dos de la fundación, que preside Avelino Posa Antelo.

**Nace la Federación Galega de Xóvenes Empresarios con el fin de promover la vocación empresarial en los jóvenes gallegos .**

La Federación Galega de Xóvenes Empresarios (Fegaxe) fue constituida el pasado mes de noviembre con el objetivo de promover la vocación empresarial entre los jóvenes gallegos menores de 40 años e impulsar su asociacionismo.

Las funciones de la Fegaxe, formada por las asociaciones de jóvenes empresarios de A Coruña, Lugo, Ferrol, Pontevedra y Vigo, son estudiar, apoyar y desarrollar proyectos concretos presentados por sus integrantes, así como fomentar el sistema de libre iniciativa y la economía de mercado y cooperar con las diferentes organizaciones sociales, a fin de conquerir un crecimiento estable y un idóneo nivel de calidad de vida.

Además, la federación se dedica a atender las necesidades de información, formación, asesoramiento, perfeccionamiento e investigación que tengan sus miembros.

La presentación oficial de esta entidad tuvo lugar el pasado 12 de diciembre en el compostelano Hotel dos Reis Católicos, donde su presidente, Daniel Ramos Lobón, subrayó que, actualmente, los emprendedores disponen de recursos muy amplios para desarrollar su actividad, pero el problema reside en que están "descoordinados".

Para acabar con ello, esta federación pretende erigirse en un "referente claro" de este colectivo en toda la comunidad gallega.

**La radio en Galicia cumple 75 años**

La emisora de la Cadena SER en Galicia, pionera en la comunidad, ha cumplido 75 años, un acontecimiento que ha sido celebrado por todo lo alto en un multitudinario evento en el Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), en Santiago.

En él, el presidente de la Xunta, Emilio Pérez Touriño, quien pronunció el discurso de cierre, afirmó que "durante muchos años, hablar de radio equivalía a hablar de la Cadena SER", que era "la única hendidura por la que se filtraban las novedades".

Según el líder del Gobierno gallego, "75 años es una edad muy difícil de alcanzar", especialmente con los "turbulentos avances que marcaron el caminar de este país" durante

que marcaron o camiñar deste país" durante unha boa parte do período no que exerceu a súa actividade informativa a Cadea SER.

No acto interviu tamén o director da emisora, Javier Otero, que se referiu á actual conxuntura de crise económica mundial e manifestou a súa esperanza en que esta "teña o menor impacto posible nos medios informativos".

Ademais, Otero aproveitou a presenza dun alto número de representantes políticos no evento para facer fincapé na importancia de que se manteña "unha natural tensión" entre estes e os medios de comunicación, e expresou a súa confianza en que os primeiros saiban asumir esa situación "como parte do exercicio democrático".

Salientou a participación no evento dun dos presentadores máis emblemáticos da emisora e do panorama radiofónico español, o galego Pepe Domingo Castaño, quen leu un emotivo poema dedicado aos seus compañeiros da SER e á cidade de Santiago, sede da emisora na que iniciou a súa carreira profesional.

Durante a celebración, recolleron os seus respectivos premios diversas personalidades e entidades do mundo da cultura, a empresa e a política galegas, como o intelectual galeguista Avelino Pousa Antelo; Isaac Díaz Pardo, fundador da fábrica de cerámica de Sargadelos; o presidente da Fundación Galiza Sempre e ex portavoz nacional do BNG, Xosé Manuel Beiras; ou Isabel Carou, que foi durante moitos anos a única voz feminina da emisora, entre moitos outros.

Ademais do presidente Touriño, o acto contou coa presenza de numerosas autoridades e cargos políticos, como a presidenta do Parlamento galego, Dolores Villarino; o delegado do Goberno en Galicia, Manuel Ameijeiras; conselleiros do Goberno autonómico, deputados dos distintos grupos parlamentarios e concelleiros.



**O presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño, durante a súa intervención no acto de aniversario.** | El presidente de la Xunta, Emilio Pérez Touriño, durante su intervención en el acto de aniversario.

una buena parte del período en el que ejerció su actividad informativa la Cadena SER.

En el acto intervino también el director de la emisora, Javier Otero, que se refirió a la actual coyuntura de crisis económica mundial y manifestó su esperanza en que ésta "tenga el menor impacto posible en los medios informativos".

Además, Otero aprovechó la presencia de un alto número de representantes políticos en el evento para hacer hincapié en la importancia de que se mantenga "una natural tensión" entre éstos y los medios de comunicación, y expresó su confianza en que los primeros sepan asumir esa situación "como parte del ejercicio democrático".

Destacó la participación en el evento de uno de los presentadores más emblemáticos de la emisora y del panorama radiofónico español, el gallego Pepe Domingo Castaño, quien leyó un emotivo poema dedicado a sus compañeros de la SER y a la ciudad de Santiago, sede de la emisora en la que inició su carrera profesional.

Durante la celebración, recogieron sus respectivos premios diversas personalidades y entidades del mundo de la cultura, la empresa y la política gallegas, como el intelectual galleguista Avelino Pousa Antelo; Isaac Díaz Pardo, fundador de la fábrica de cerámica de Sargadelos; el presidente de la Fundación Galiza Sempre y ex portavoz nacional del BNG, Xosé Manuel Beiras; o Isabel Carou, que fue durante muchos años la única voz femenina de la emisora, entre muchos otros.

Además del presidente Touriño, el acto contó con la presencia de numerosas autoridades y cargos políticos, como la presidenta del Parlamento gallego, Dolores Villarino; el delegado del Gobierno en Galicia, Manuel Ameijeiras; conselleiros del Gobierno autonómico, diputados de los distintos grupos parlamentarios y concejales.



**O xornalista galego Pepe Domingo Castaño.** | El periodista gallego Pepe Domingo Castaño.



**Foto de grupo dos premiados.** | Foto de grupo de los premiados.



DESCUBRE O TEU PAÍS FACENDO CAMIÑO
Telf.: 902 33 20 10 www.xacobeo.es
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Turismo
xacobeo